



## Concello de Cospeito

Estimados veciños e veciñas:

Un ano máis dámosvos a benvinda ás Escolas Deportivas Municipais esperando que sexades partícipes da nosa aposta polo deporte, tratando de fomentar entre os/as máis novos/as do noso Concello a actividade física, que complementa a súa formación e o seu tempo de lecer, e lles axude a adquirir hábitos saudables.

Tratando de dar continuidade ao programa da tempada pasada, presentamos o horario de actividades para este novo curso que se levará a cabo dende o mes de outubro do 2022 ao mes de maio do 2023.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	Natación G1 16:30h – 17:15h <i>*Opción bus</i>	Natación G2 16:30h – 17:15h <i>*Opción bus</i>		Ximn. Rítmica G1 Iniciación 15:15h – 16:15h
Patinaxe G1 De 4 a 6 anos 16:30h – 17:30h	Fútbol Sala Prebenxamín 16:00h – 17:00h	Patinaxe G1 De 4 a 6 anos 16:30h – 17:30h	Fútbol Sala Prebenxamín 16:00h – 17:00h	Ximn. Rítmica G2 Benjamín / Alevín 16:15h – 17:15h
Patinaxe G2 7 anos + 17:30 – 18:30h	Fútbol Sala Benxamín 17:00h – 18:00h	Patinaxe G2 7 anos + 17:30 – 18:30h	Fútbol Sala Benxamín 17:00h – 18:00h	Tenis G3 Apertura de grupo 17:30 – 18:30h
Tenis G1 Apertura de grupo 19:00 – 20:00h	Fútbol Sala Alevín 18:00h – 19:00h	Tenis G2 Apertura de grupo 19:00 – 20:00h	Fútbol Sala Alevín 18:00h – 19:00h	
	Fútbol Sala Infantil / Cadete 19:00h – 20:00h		Fútbol Sala Infantil / Cadete 19:00h – 20:00h	

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102



## Concello de Cospeito

*\*A actividade de Natación levarase a cabo na Piscina da Pastoriza. Informarase antes do inicio o grupo ao que pertence, así como o horario e o lugar de saída do autobús.*

*\*\*A actividade de Fútbol Sala levarase a cabo no Pavillón Municipal da Feira do Monte.*

*\*\*\*A actividade de Ximnasia Rítmica levarase a cabo no ximnasio do colexio da Feira do Monte.*

*\*\*\*\*A actividade de patinaxe, dependendo dos participantes poderase impartir tanto no Pavillón Municipal da Feira do Monte como no Pavillón de Muimenta*

*\*\*\*\*\*A actividade de Tenis levarase a cabo no Polideportivo da Feira do Monte, e os horarios terán flexibilidade segundo a demanda e a ocupación da instalación. A actividade que será gratuíta durante as mensualidades de outubro e novembro, e no caso que haxa a demanda suficiente daráselle continuidade o resto do curso.*

Enviámos axunta a ficha para que cumprimentedes a inscrición na actividade ou actividades nas que se queira participar, debendo entregala antes do mércores 28 de setembro de 2022 e polos medios indicados na mesma.

Antes do comezo da actividade confirmarase a praza e o horario da actividade na que se formalizou a matrícula, quedando a distribución dos grupos ao cargo da coordinación das Escolas Deportivas, tendo en conta os grupos de idade, as actividades que puidesen coincidir en horario, etc.

Desexando que todo sexa do voso agrado e animándovos a que participedes,

recibide unha forte aperta!

En Cospeito a 22 de setembro de 2022

O ALCALDE



Asdo. Armando Castosa Alvariño

Concello de Cospeito